

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada A Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, vinte anos despois

CONVOCATORIA: Xornada xurisdición contencioso-administrativa, vinte anos despois

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Coñecementos transversais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 13/11/2018 - 08:00h ao 23/11/2018 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A lei do ano 1956 culminou o proceso de implantación da xurisdición contencioso-administrativa en España coa creación dunha figura, a dos/das maxistrados/as especialistas, que impulsou o seu desenvolvemento xunto cos/as maxistrados/as que procedían daquela xeral da carreira xudicial.

Corenta e dous anos despois viu a luz o texto actualmente vixente, en relación ao cal viñéronse producindo diversas modificacións, singularmente en materia de competencias, custas procesuais e, sobre todo, no réxime xurídico do recurso de casación.

Neste momento o debate céntrase na cuestión de se é necesario un novo texto legal ou, pola contra, basta o vixente con modificacións puntuais nalgúns institutos que cada vez teñen maior incidencia, entre os que destacan a mediación; a posibilidade de volver sobre as custas procesuais para eliminar o vencemento obxectivo; a necesidade de xeneralizar un procedemento abreviado, mesmo ante os órganos colexiados, ou a de implantar a dobre instancia no contencioso-administrativo e, deste xeito, dar o seu propio sentido ao recurso de casación.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto de xustiza como autonómica e local, dos entes instrumentais da comunidade autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Nesta xornada trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- A xustiza administrativa, 20 anos despois.
- Os principios do dereito da Unión Europea e da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A mediación na xurisdición contencioso-administrativa.
- Aspectos relevantes da Lei reguladora da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- A Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, un paso adiante en relación coa súa predecesora?
- A nova casación contencioso-administrativa. Algunhas consideracións.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión vira determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 28/11/2018 a 28/11/2018

NUM. PRAZAS: 280

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JOSE MARIA BAÑO LEON

JOAQUIN HUELIN MNEZ DE VELASCO

SANTIAGO GONZALEZ-VARAS IBAÑEZ

JUAN PEDRO QUINTANA CARRETERO

JUAN ALFONSO SANTAMARIA PASTOR

ESPERANZA RAMÍREZ EUGENIO

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 28 de novembro de 10:15 a 14:30. O día 28 de novembro de 17:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela